



CONCELLO DE TEO

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL

Considerando que, mediante Decreto da alcaldía de 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da alcaldía de 05/03/2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da alcaldía de 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do concello de Teo.

Considerando que D.^a Analía Tuñas Rodríguez, con DNI 32802911N, presentou con data de 2 de outubro de 2025 (rex. entrada nº 4452), a correspondente solicitude dun nicho no cemiterio municipal, facéndose constar na mesma a necesidade de contar de inmediato co citado nicho habida conta de que no día de hoxe vaise proceder ao enterramento da súa nai.

Considerando que a documentación aportada pola persoa interesada atópase correcta, agás os certificados relativos a estar ao corrente coa Seguridade Social e coas obrigas tributarias, aportándose a estes efectos pola interesada unha declaración responsable, e comprometéndose a aportar, en canto lle sexa posible os certificados correspondentes.

Considerando que, de conformidade co previsto na cláusula 20 do prego de condicións, e tendo en conta a urxencia da necesidade de dispor de inmediato dun nicho no cemiterio municipal, habida conta de que, producido o falecemento da súa nai, o enterro terá lugar o día 2 de outubro de 2025.



CONCELLO DE TEO

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente, por medio da presente **PROPÓNSE** como adxudicataria dun nicho do cemiterio municipal a D.^a Analía Tuñas Rodríguez, con DNI 32802911N, de acordo co solicitado con data de 2 de outubro de 2025 (rex. entrada nº 4452), ascendendo a tarifa a abonar a 1.250,00 €, tendo sido abonada a mesma en data 1 de outubro de 2025, tal como se pode comprobar no xustificante achegado coa solicitude, achegándose así mesmo o importe de 35,60 en concepto de garantía.

A presente proposta deberá ser obxecto de publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

Teo, na data da sinatura dixital

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz